

**Ruta do Formigueiro
(dende Ponte Nafonso ata San Ourense
de Entíns)**



Partimos da *Ponte Nafonso* en dirección a Outes, case ao seu borde atopámonos coa *Capela de Nosa Señora da Ponte*.



Seguindo a estrada que vai cara Outes entramos nun paseo peonil feito en madeira. Ó seu termo un desvío á dereita lévanos ó lugar de Villardigo. Pasado o lugar, subindo á man esquerda escomeza o acceso ó monte do Formigueiro. A 1km aprox. Atopamos un cruce cunha fonte; collemos á dereita. Esta senda discorre polo medio dos montes de Cando, Entíns e San Ourense permitíndonos apreciar o gran número de piñeiros e eucaliptos que nos rodean e nos protexen do sol.

Neste paseo debemos deternos ante a *Casa do Formigueiro de Arriba*, típica construción galega en pedra, agora rehabilitada, e dende onde temos unhas bonitas vistas do contorno, ademáis dunha singular fonte e un hórreo que pertence á casa. Esta ruta era a utilizada antigamente para transportar o peixe ata determinadas aldeas de Outes e de concellos limítrofes. O descanso faciase na Casa do Formigueiro e de aí partían hacia San Ourense, Tarás ou Entíns.





Casa do Formigueiro

O camiño de volta podemos facelo a cabalo contratando o servizo con antelación cunha empresa equestre que atopamos ó final do noso percorrido, chegando á capela de S. Adrián.

Algo máis que saber: *Ponte Nafonso*

Construída seguramente no século XIV no reinado de Afonso XI. Esta ponte medieval une Outes con Noia a través dos seus 20 arcos oxivais de pedra.

Dificultade da Ruta: Media

Lonxitude: 8 quilómetro

Plano ruta

